

Estimado/a Sr/a Presidentes/as:

En relación coa situación creada pola crise global do COVID-19, e trala declaración do estado de alarma o 14 de marzo polo Goberno central, foi impedida a realización da práctica deportiva en todo o Estado. Actualmente aínda existen normas estritas en canto á normalización desta práctica, descoñecendo e non podendo predicir nin a data de reinicio nin as medidas de seguridade necesarias para elo.

Esta situación de incerteza en canto á organización de actividades deportivas leva a esta Deputación provincial a actuar con responsabilidade, sendo preciso comunicar a todas as federacións que forman parte das seguintes actividades:

**Non serán organizadas por parte deste ente provincial as seguintes actividades previstas para o ano 2020** co obxectivo de derivar o orzamento destas a outras áreas provinciais como servizos sociais ou contratación de persoal (complementando liñas xa existentes ou creando outras novas) e así poder axudar a paliar os problemas económicos e sociais xerados pola pandemia:

- 1.- Copa Deputación de fútbol masculina e feminina.
- 2.- Bandeira de traíñas masculina e feminina.
- 3.- Circuito de carreiras Deputación de A Coruña.

Agradecemos comuniquen esta decisión ás súas persoas federadas e rogamos que comprendan e compartan esta decisión tomada pola Deputación.

Atentamente

Deputada de Deportes e Mocidade  
Cristina Capelán Cancela